

Que é ATENPRO? Que servizos ofrece?

O **Servizo Telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero (ATENPRO)** é un dispositivo de telefonía móbil e telecomunicación que permite que as usuarias poidan entrar en contacto en calquera momento cun centro atendido por persoal especificamente preparado para lle dar unha resposta adecuada á súa situación.

Ofrece unha atención inmediata e a distancia, asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que lles poidan sobrevir, as 24 horas do día, os 365 días do ano e sexa cal sexa o lugar no que se encontren.

Desde o centro de atención contáctase periodicamente coas usuarias do servizo co obxectivo de realizar un seguimento permanente.

Ante situacións de emerxencia, o persoal do centro está preparado para dar unha resposta adecuada á crise que se presente, ben por si mesmo ou mobilizando outros recursos humanos e materiais.

É un servizo accesible para persoas con discapacidade auditiva (Módulo SOTA): a través dunha aplicación instalada no terminal permítese o contacto co centro de atención a través dun diálogo mediante mensaxes de texto.

ATENPRO

Máis información:

- Servizos sociais do teu concello
- Teléfono: 900 22 22 92
- Información a entidades locais:
atenpro@femp.es
- www.msssi.gob.es/ssi/violenciaGenero/Recursos/home.htm



hai saída
á violencia de xénero

ATENPRO
Servizo de Atención
e Protección
a mulleres vítimas
da **violencia de xénero**



016 ATENCIÓN A VÍCTIMAS
DE MALOS TRATOS

 Cruz Roja Española



LIBRES
DESCARGA LA APP

 Cruz Roja Española

Tranquilidade cando a precisas.

Os 365 días do ano.



Apoio, información e asesoramento, 24 horas do día

Atención telefónica inmediata ante situacións de emerxencia



Conectado cun centro de atención que informa ás forzas de seguridade en situacións de risco

Dispositivo móbil, con localizador GPS



Requisitos para acceder ao servizo:

- Ser muller vítima de violencia de xénero
- Non convivir coa persoa que a someteu a maltrato
- Participar nos programas de atención especializada existentes no seu ámbito autonómico
- Aceptar as normas de funcionamento do servizo e cooperar para o seu bo funcionamento

As mulleres que cumpran estes requisitos de acceso poderán solicitar a incorporación ao servizo ATENPRO nos centros de servizos sociais ou servizos de igualdade locais que lles correspondan por domicilio.

Chamadas da usuaria do servizo

- **Poden obedecer a distintos motivos:** comunicar datos de contacto, informar de cambios na súa situación, requirir atención psicosocial, requirir información sobre recursos e servizos, etc.

- Así mesmo, poden ser a **resposta a algunha chamada de seguimento** realizada polo centro de atención.

- Por último, **ante unha situación de emerxencia**, a usuaria pode chamar ao centro de atención desde o que se mobilizarán os recursos adecuados á situación (aviso a forzas e corpos de seguridade, recursos sanitarios, etc.) e se facilitarán solucións.

Chamadas do Centro de Atención e Protección

- Unha vez que a usuaria se dá de alta no servizo, **é informada de que recibirá chamadas periódicas do Centro de Atención** (pódese optar por chamadas quincenais ou mensuais) para facer un seguimento da súa situación.

- Ademais destas chamadas, tamén se realizan **outras con motivo de feitos relevantes** (como, por exemplo, acompañamento a xuízos), **así como comunicacións para verificar o correcto funcionamento do sistema.**



- Por último, **tras unha chamada de emerxencia, prográmanse axendas de seguimento postemerxencia** nas que se pretende darlle continuidade á intervención iniciada no momento da alarma e valorar o estado psicosocial da usuaria despois desta.